

ACTA DE INICIO DOS TRABALLOS DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE VILADONGA (CASTRO DE REI, LUGO)

En Lugo, 12 de setembro de 2022, reúnense

M^a Olga Iglesias Fontal, xefa territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo, por ausencia da xefa do servizo.

Manuel Tubío Figueiro, enxeñeiro técnico agrícola do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo, coordinador da dita zona de reestruturación parcelaria e director dos traballos *Proxecto de colaboración de servizos técnicos para a realización do levantamento topográfico e a obtención dos planos parcelarios, a preparación das bases e o plan de ordenación de predios de especial vocación agraria da zona de reestruturación parcelaria de Viladonga, cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, dentro da medida 4.3 (ST-5766) e*

José Ramón Martínez Gómez, en representación de PROYECTOS Y ESTUDIOS TÉCNICOS DE GALICIA, SL, adxudicataria dos ditos traballos,

expoñen o seguinte:

A reestruturación parcelaria para Viladonga no Concello de Castro de Rei, foi declarada de utilidade pública por Decreto do Consello da Xunta de Galicia de 29 de abril de 2021 (DOG 12/05/2021).

De conformidade co que establece o artigo 19 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, a partir da data de sinatura deste documento iníciase os traballos de execución das bases de reestruturación parcelaria da zona, consistentes nas operacións de definición do parcelario, investigación da propiedade e clasificación de terras e á redacción do correspondente plan de ordenación de fincas de especial vocación agraria ata a súa declaración oficial de firmeza.

E para que conste, asíñase o presente documento en proba de conformidade,

